



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 CARNOTA
Tlf.: 881867200
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
<http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



Programación xeral anual

Curso 2022/23

Plan Anual de Lectura

Análise da aplicación do PAL



1. Introducción

Seguindo a lexislación vixente [Cfr. Decreto 133/2007; Decreto 86/2015 e as Instrucións do [6 setembro 2022](#): referidas á organización e funcionamento BE] e para contribuír ao desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (PLC), elabórase o Plan Anual de Lectura (PAL), dentro da programación xeral anual. Dita lexislación, polo que se refire á feitura, é bastante vaga: pouco se di en concreto do que se debería incluír, e en ningún momento se fala de memoria. Facemos por primeira vez unha valoración xeral da súa aplicación.

2. Grao de cumprimento dos obxectivos

- Non se pode falar dun grao de cumprimento concreto, con datos contrastables. Porén, si que é certo que si que se buscou formar e implicar a comunidade educativa na creación de hábitos lectores para un mellor desenvolvemento da competencia lectora.
- En contrapartida, en canto á alfabetización mediática e informacional (AMI) e o uso crítico e ético da información, non estamos seguros de ata que punto profesorado e alumnado o cumpriron, pois non hai establecido uns criterios comúns de obrigado cumprimento no centro, dende o fracaso do TIL (Tratamento Integrado das Linguas).

3. Grao de cumprimento das liñas de actuación prioritarias da BE

- Promoveuse a utilización da **biblioteca como recurso didáctico, informativo e creativo fundamental** do centro? -Si, se falamos de didáctico e informativo, aínda que algo menos no aspecto creativo (se exceptuamos os materiais creados en colaboración da profesora e o alumnado de P. Competencial de 1º e V. Éticos de 4º). Como se fixo? - Atendendo ás peticións de profesorado e alumnado, e mantendo informado a este das últimas novidades editoriais que puideran ser de seu interese, adquiríndoas, catalogándoas e prestándoas no menor prazo posible.
- **Desenvolvéronse actividades da biblioteca**, aínda que en proporción máis de **fomento da lectura** que da escritura.
- Na **difusión e o uso dos recursos da Biblioteca Escolar**, deberíase mellorar en ambos, e particularmente tendo en conta a **colaboración dos departamentos didácticos: dos 14 departamentos contabilizados, son usuarios constantes e contribúen á difusión sobre todo 3 departamentos**, curiosamente os 3 que conforman o equipo de biblioteca. Usaron a Biblioteca Escolar durante o curso 4-5 departamentos, ben directamente (baixando co alumnado ou utilizándoa como aula en horas lectivas) para facer traballos de investigación, ben indirectamente, colendo materiais de lectura dela e levándoos á aula. Isto representa **un 35% dos departamentos. Insuficiente**: non se pode dicir que todos os departamentos contribúan á *difusión e o uso dos recursos da Biblioteca Escolar*.
- Non se cumpre o compromiso dos departamentos no seguinte punto do Proxecto Lector de Centro: a **comezo de curso, elaborar un informe de inventario de fondos materiais do departamento** ([ver Anexo III do PLC](#)).
- En canto á **localización dos fondos** documentais do centro, cómpre mellorar: hai moito que está espallado entre aulas e departamentos/almacéns, sen control de ningún tipo, e os departamentos didácticos que non forman parte do equipo de BE nunca colaboraron neste aspecto.



- No **registro e catalogación de fondos** avanzouse o que se puido, tendo en conta que no mesmo curso traballamos con Meiga e con KOHA, o que dificulta un conteo exacto. Catalogáronse **267 títulos das novidades** (falabamos de entre 300-400 títulos por curso), pero do **fondo vello**, dende que estamos **en KOHA, xa non se pode catalogar**, pois esta plataforma non permite alterar a secuencia lóxica da numeración sen xerar erros graves na base de datos que afectan a todo o conxunto de bibliotecas adheridas. A transición de Meiga a KOHA, lonxe de supoñer unha mellora, a efectos prácticos resultou un atranco, pola cantidade de tempo que require o traballo *en serio* con esta plataforma (falamos de se cadra dunha dedicación completa!).
- Mellorouse no fomento da participación e implicación das familias na promoción da lectura como forma de lecer a través do programa "Familias lectoras", con 2 novas usuarias particularmente activas, e tamén na participación nas actividades propostas pola BE, en concreto, invitándoas a participar en encontros e lecturas públicas. Temos constancia de polo menos 2 participacións.

4. Outros aspectos a ter en conta

Lectura nas aulas

- **Bibliotecas de aula:** dende fai varios anos, debido á reestruturación das aulas por grupos, tan só a aula de música se mantén como tal. Isto provoca: 1- a dispersión dos fondos, complicando o seu rastrexo e control; e 2- a infrautilización de fondos específicos de certas materias. Estas son as aulas que teñen fondos específicos de materia:

Aula (materia)	Fondos (material) na aula	Uso
Antiga aula de LC	Libros de lectura e consulta	Xa non se utiliza. Nunca para LC
Antiga aula de LG	Libros de lectura e consulta	Aula de referencia de 2ºESO
Antiga aula de MAT	13 libros (entre consulta e lectura)	Úsase só para reforzos de MAT
Antiga aula de XeH ^a	Material de consulta (atlas...)	Aula de referencia de 1ºESO
Antiga aula de Idiomas	Contén material de consulta de CCNN, FQ, Relixión Católica, Inglés e Francés	Economía (4ºESO); Inglés (2ºESO)
Aula de música	Material bibliográfico (sobre todo libros de texto) e audio (Cds musicais)	Clases de música

Cumpriría unha **mellora do aproveitamento dos recursos**, por iso solicitamos, co acordo de algún departamento didáctico, crear bibliotecas de aula con material específico para cada nivel (de 1º a 4ºESO), para o que se solicita unha localización definitiva e fixa para cada grupo.

- **Hora de Ler: instaurouse por primeira vez no centro**, o que en certo modo podemos dicir que fomentou a lectura de ficción, BD e informativa en galego e castelán. Porén, non podemos garantir que o seguimento da Hora de Ler por parte do profesorado da materia na que tocara fora uniforme, sen entrar en máis detalles.
- **Lectura en formato dixital:** Todas as aulas e máis a biblioteca escolar contan con ordenador do profesorado con acceso á Internet e conectado a canón de vídeo que puideron ser utilizados para a consulta e lectura de información na rede. Porén, non hai nin mostraxe nin rastrexo concretos respecto ao seu uso real.

5. Avaliación



Propuxemos como método de avaliación a partir de agora (cfr. Liñas xerais do PLAMBE 2023-24) a seguinte táboa:

Critérios	1	2	3	4
Uso da BE por parte dos departamentos	4 dos dptos ou menos usan a BE	Usan a BE 6-7 dptos.	75% dos dptos.	Todos os dptos.
Cumprimento dos puntos principais do P. Lector de Centro	25% dos puntos referidos ou inferior (4-5)	Menos do 50% dos puntos referidos (6-7)	75% dos puntos referidos (13-14)	Os 18 puntos referidos (100%)
Uso de TIC na difusión para a BE	Nunca ou rara vez	Ás veces, pero non sempre	Moi a miúdo	Si, sempre
Fanse actividades temáticas?	Pouco: menos de 3 actividades/ curso	Fanse algunhas veces (4 actividades/ curso)	A miúdo (6 actividades/ ano)	En todos os trimestres (9 ou máis)
Actualización dos fondos	Desactualización en fondo informativo	Pouca renovación dos fondos	Fondos bastante actualizados	A BE inclúe últimas novidades editoriais (ficción e informativo)
Equilibrio colección (información/ ficción)	Máis do 70% - ficción	Desequilibrio (predominio de máis do 65% dalgún tipo)	Bo equilibrio (en torno ao 50%)	Equilibrio ideal (60% inform.-40% ficción)

Téndoa en conta, a valoración deste curso queda así:

Uso da BE por parte dos departamentos: Mellorable (entre o 1-2: 4-5 departamentos a usan, é dicir, un 35%)

Cumprimento dos puntos principais do P. Lector de Centro: aínda estariamos entre o 2-3 (bastante bo, pero aínda se pode mellorar), pois se cumpren entre 10 e 12 dos puntos indicados.

Uso de TIC na difusión para a BE: Úsanse, pero atopamos que nos falta difusión (RRSS, páxinas web, mensaxería...) e tempo ou recursos humanos para a xestión deste traballo.

Fanse actividades temáticas: cúmprese, porque si se fan, arredor de 12-13 actividades temáticas por curso.

Actualización dos fondos: si que se cumpre, e ao máximo nivel.

Equilibrio colección (información/ ficción): non temos modo demostrable de dar a cifra exacta, pero nos últimos 6 anos, procuramos levar unha política de preferencia ao seguinte material: informativo fronte a ficción; en galego fronte a castelán e outras linguas; de autoría feminina fronte a masculina. O equilibrio da colección está no nivel 3 ou 4.